

Addenda ás NOF:

Apartado 6 das NOFs. Engádesse a continuación do subapartado 11 “As aportacións do centros as actividades do alumnado....” **o seguinte texto:**

“Asignarase a cada ciclo e grupo do centro unha cantidade orzamentaria para a realización das distintas actividades. En cada unha das mesmas o alumnado fará unha achega do 40% do asignación da actividade evitando sempre calquera tipo de discriminación na realización das mesmas por motivos económicos ou de outra índole”.

Apartado 8. Engádesse o seguinte texto ao final do apartado:

Alumnado FP Dual

Segundo o artigo 14 da Orde do 14 de xuño de 2018, para poder continuar no proxecto de formación profesional dual o alumnado seleccionado deberá superar a totalidade dos módulos profesionais do ciclo formativo correspondente, previstos para cada curso académico segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde.

Non obstante, poderase continuar sen cumprir o anterior requisito por razóns debidamente motivadas e con autorización da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Así mesmo, o alumnado será **excluído do proxecto** de formación dual nos seguintes casos:

- i) Durante o período de formación no centro educativo, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas que poidan derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas tanto no centro educativo como posteriormente na empresa.*
- ii) Durante o período de formación na empresa:*
 - *Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.*
 - *Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.*
 - *Para o alumnado con contrato para a formación en alternancia, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 49 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto 2/2015, do 23 de outubro.*
 - *Outras circunstancias que figuren no convenio suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a entidade colaboradora correspondente.*

Para aqueles casos nos que non proceda a exclusión pero que sí se observe un número elevado de faltas de asistencia, equivalente ao que deriva en situación de PD no alumnado de réxime presencial do centro, establecerase un sistema extraordinario de avaliación na programación de cada módulo, que permita avaliar a ese alumnado que polas faltas reiteradas non poidese ser avaliado cos criterios ordinarios establecidos para o sistema de avaliación continua. Se o alumnado que presenta elevada inasistencia se reincorpora, nun momento dado, con regularidade ás clases, poderá procederse, novamente, a súa avaliación polo sistema ordinario previsto para o resto do alumnado do grupo que non presenta inasistencia continuada, a criterio do docente de cada módulo.